

PROXECTO TERRA

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA



**INTERCAMBIO
TERRITORIAL**



**GUIMARAES
(PORTUGAL)**

CADERNO DE CAMPO

➤ CENTRO _____

➤ NOME E APELIDOS _____

➤ CURSO _____ ➤ DATA _____

INTERCAMBIO TERRITORIAL

PROGRAMA

IMPORTANTE: Mirade o programa sempre que o precisedes para saber a actividade que ides realizar e ser puntuais nos puntos de encontro.

■ PRIMEIRO DÍA (Horarios en hora galega)

Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar á Citânia de Briteiros (N 41º 31' 41" – W 8º 18' 58") entre 12:00 e 12:15 h.

MOI IMPORTANTE: O autobús debe estar co grupo todo o 1º día até chegar ao aloxamento, quedando libre até as 16:30 h do segundo día.

De 12:30 a 14:00 h_ Visita á **Citânia de Briteiros**, guiada polos arqueólogos da Citânia.

De 14:00 a 14:45 h_ Xantar na zona da cafetería e recepción da Citânia de Briteiros. Recordade que tedes que levar o xantar para o primeiro día e un bocata e bebidas para media mañá. Ás 14:30/14:45 h chegará a guía que vos acompañará ao longo de toda a visita.

De 14:45 a 16:15 h_ Percurso guiado no autobús desde **Briteiros a Guimarães** con visitas á **igreja e entorno do Mosteiro de Souto San Salvador**.

Ás 16:30 a 17:45 h_ Percurso guiado no autobús por **Guimarães**. Subida e baixada no **teleférico ao Monte da Penha**.

Ás 18:00 a 19:00 h_ Visita guiada á **área de rehabilitación de Couros**.

Ás 19:15 h_ Chegada ao aloxamento, reparto dos cuartos, ducha.

De 20:30 a 21:00 h_ Paseo a pé ata o **Largo do Toural** para a cea.

De 21:00 a 22:00 h_ Cea.

GUIMARAES (PORTUGAL)



■ SEGUNDO DÍA (Horarios en hora galega)

Ás 8:30 h_ Erguerse.

De 09:00 a 09:30 h_ Almorzo no aloxamento.

De 09:30 a 10:00 h_ Recollida das habitacións.

De 10:00 a 10:45 h_ Visita ao **Centro de Ciéncia Viva**, situado no barrio de Couros.

De 10:45 a 12:00 h_ Visita ao **centro histórico de Guimaraes**.

De 12:15 a 13:30 h_ Actividade en grupos "**Á descuberta do Centro Histórico de Guimarães**".

De 13:30 a 13:45 h_ Encontro e conclusións.

De 14:00 a 15:00 h_ Xantar.

De 15:00 a 16:30 h_ Tempo libre e camiño de volta.

LEMBRADE QUE:

- Tedes que levar a autorización para saídas de menores ao estranxeiro.
- Tedes que levar a tarxeta sanitaria europea.
- DURANTE TODA A SAÍDA DIDÁCTICA ESTADES SUXEITOS/AS AO REGULAMENTO DAS NORMAS DO CENTRO, DEBEREDES REALIZAR AS ACTIVIDADES PROPOSTAS TANTO POLO VOSO PROFESORADO COMA POLOS/AS GUÍAS DO PROXECTOTERRA E QUE É IMPRESCINDIBLE RESPECTAR AS HORAS DE SONO PARA CONSEGUIR UN ÓPTIMO RENDEMENTO PERSOAL E DO GRUPO.

SABIADES QUE... Unha citânia é un lugar alto, habitado e fortificado que se diferencia dun castro polo seu tamaño maior. A Citânia de Briteiros ocupou 24 hac no cume do monte de Sao Romao. É un poboamento da Idade de Ferro que acadou o seu momento de máxima amplitude entre o século II e o I a C. O principal impulsor das escavacións e posta en valor da Citania foi Francisco Martins Sarmento, quen comezou a estudala en 1874.

➤ A Citânia de Briteiros **pertence a cultura:**

- Visigoda
- Castrexa
- Viquinga
- Islámica

➤ Cantas **murallas** ten?

➤ Que **dous valores** teñen as murallas destes recintos?

➤ Que **actividades económicas** desenvolvían os habitantes da Citânia?

Os Bráccaros toman contacto cos romanos entre o ano 137 e 135 a C.

➤ Como chamaron os romanos a **todos os pobos** do Noroeste da Península Ibérica?

➤ E á **provincia romana** que os agrupaba?

➤ Esta provincia estaba dividida en **tres Conventos**. Como se chamaban?

➤ Con que **tres cidades actuais** se corresponden?



TRABALLAMOS CO PLANO

O plano da Citânia de Briteiros e o do casco histórico de Guimarães teñen a mesma escala (1:3500).

- Comparade as dúas **unidades de poboación** e a súa **morfloxía**. Logo asignádelle a cada unha das afirmacións se se corresponden con **Briteiros** ou con **Guimaraes**:

| | |
|--|--|
| Predominan mazás e rúas estreitas con trazado sinuoso. | |
| Bordes marcados por un perímetro poligonal seguindo rúas e límites administrativos. | |
| Edificacións moi próximas, case sen interrupción. As unidades construtivas forman "masa" e crean un patrón compacto. | |
| Estrutura urbana xerarquizada: unha ou dúas vías principais conectan co exterior e moitas vías secundarias organizan o interior. | |
| Interior con estruturas dispersas e grandes áreas sen edificación. | |
| Contorno ovalado/case circular, típico de recintos fortificados ou asentamentos en outeiro. | |
| Estruturas separadas por espazos abertos. Hai vivendas illadas e conxuntos, non unha masa edificada continua. | |
| Hai conxuntos de estruturas conectadas por camiños e a distribución parece responder máis á topografía (pendentes, zonas máis chairas) ca a unha retícula de rúas. | |

- Escribide debaixo de cada **imaxe** o que é. Logo, unide cunha frecha cada imaxe coa súa localización no plano.



• ----- •



• ----- •



• ----- •





SABIADAS QUE... Guimaraes medra á volta dun Mosteiro entre os séculos X e XII ocupando o val do río Ave. Un territorio con abundancia en auga, moi fértil e cunha actividade económica baseada na industria e na agricultura dos cereais e das viñas. O concello de Guimaraes está dividido en 69 freguesías. Unha delas é SOUTO SAN SALVADOR.

- Arredor de que se conforma o núcleo desta **freguesía**? _____
- Cando se **funda**? _____

No muro sur atópanse os restos románicos máis antigos do convento. Unha arcada sostida por ménsulas con figuras talladas.

- Que **representan**? _____
- Para que **valen**? _____

Nese mesmo muro aparecen estes perpiaños con forma de dameiro. Chámase axedrezado xaqués porque era un modelo que se expandiu desde Xaca seguindo o Camiño de Santiago francés.

- Por que se cre que **poden estar aí**? _____


SABIADAS QUE... A freguesía de Souto San Salvador ten un sistema de cooperación veciñal: “O singular”, que é a xestión comunitaria de bens e proxectos locais, especialmente arredor dos montes/terras comunais e das obras que interesan a toda a veciñanza. Acordan o que facer, colaboran e logo reparten os beneficios. É un modelo de “facer entre todos” que reduce a dependencia externa e reforza cohesión social (vizinhança).

- O convento románico foi restaurado no ano 1758. En que **estilo artístico** se realizou? _____
- O pan de ouro recubriendo os retábulos de madeira fai referencia ao esplendor de Portugal no século XVIII. A que se debeu esta **etapa de florecemento** do país luso? _____

SABIADDES QUE... As freguesías do norte de Portugal dedícanse á agricultura en parcelas minifundistas. Ao longo do territorio podemos contemplar un entramado de vivendas unifamiliares rodeadas de pequenas leiras e fincas onde se cultivan, fundamentalmente, cereais e viñas.

- O cereal predominante é o millo pero, que **viño** é o característico desta zona?

- Ao longo do percorrido podemos observar que as **viñas están dispostas de dúas formas** distintas e moi características. Debuxade cada unha delas.



SABIADDES QUE... O Río Ave percorre toda a comarca de Guimaraes. Nace na Serra Cabreira e desemboca no Océano Atlántico en Vila do Conde. É un dos poucos ríos importantes de Portugal que ten a súa cunca hidrográfica completa en territorio luso xa que a maioría nacen en España.

• Que **tres usos** ten a auga do río Ave para a poboación? _____

Taipas é unha localidade de orixe romana e o lugar onde se asentaron os Bráccaros romanizados cando abandonaron a Citânia de Briteiros. Tamén é chamada Caldas de Taipas.

• De onde credes que vén o **topónimo de Caldas**? _____

• A que **época** pertencen as primeiras instalacións ás que fai referencia o nome?


Nunha das entradas á vila de Guimaraes atópase o Barrio de Nosa Señora da Concençiao. É un grupo residencial municipal de vivendas sociais dos anos 1970 de baixo custo. Na actualidade foron remodeladas, recualificadas e redecoradas por unha famosa diseñadora española, quen cedeu os seus deseños.

• De quen se trata? _____

• Por que credes que o fixo precisamente nesta cidade? _____

• En que consisten os seus debuxos? _____

• Debuxade algún deles.



• Que sensación vos produce este barrio? _____

• Credes que este tipo de actuacións pode mudar a imaxe das cidades?

SABIAGES QUE... O Monte da Penha con 613 mts de altitude é o espazo verde máis importante da vila de Guimaraes. É mantido e conservado pola Irmandade da Nosa Señora da Penha.

Desde o seu mirador podemos avistar ao lonxe emprazamentos tales como Braga, Briteiros ou o Parque Nacional Peneda-Gerés e, en primeiro plano, a vila de Guimaraes.

- ▶ Tratade de **diferenzar as seguintes partes da vila** desde este punto: O casco histórico, o Estadio Victoria de Guimaraes, a parte nova da vila, a autoestrada, a liña de ferrocarril Guimaraes-Porto, a Universidade do Minho, o castelo e o Pazo dos Duques de Bragança.
- ▶ Localizade estes **emprazamentos** no monte. Explicade **o que son** coa información que aparece ao seu carón ou preguntando a algunha persoa.



- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____
- _____
- _____



- _____
- _____
- _____

SABIADES QUE... En 1154, aparece, nesta zona fóra das murallas, o traballo dos coiros. Ao longo dos séculos desenvolveuse en Guimaraes unha importante industria de transformación de peles, un dos principais motores económicos da vila. Perdurou ata o século XX. O período de abandono da Zona de Couros (como espazo industrial urbano) iníciase na década de 1960. A última gran unidade que resistiu (Curtumes da Ramada) cerrou en 2005.

➤ Que propiciou o **asentamento desta actividade** precisamente aquí e non noutro lugar? _____

➤ Rodeade que **materias primas** se precisaban para tranformar a pel dun animal en coiro?

Peles, azucre, auga, cal, viño, mel,

cinza, perfumes, lixivía, sal,

taninos, plumas frescas, graxa,


vitaminas, esterco, corantes

➤ **De onde procedían** a maioría das peles tranformadas nestas curtidurías de Guimaraes? _____

➤ Despois de pasar polas curtidurías, o **río** recibía o nome de **Merdario**. A que credes que era debido? _____

➤ Que uso se lles daba aos **detritos das fábricas** de coiros? _____

- ▶ Á vista das seguintes imaxes, indique o seu **nome** e que **parte do proceso do curtido** se dá en cada unha delas.



- _____





- _____

Se vos fixades na imaxe, nos secadoiros, as táboas teñen diferente distribución. É o que se chama ripado vertical ou ripado horizontal e non obedece a ningún canon estético senón a unha necesidade funcional.

- ▶ Saberiades explicar o **motivo** de que unhas **táboas** se dispoñan dun xeito e outras doutro? _____

ANOTACIONES





CRÉDITOS



► Edita

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Proxectoterra

Praza da Quintana, 3

15704 Santiago de Compostela, A Coruña, España

Tel. +34 981 552 400 | Fax +34 981 561 658

proxectoterra.coag.es | proxectoterra@coag.es

► Coordinación Proxectoterra

Sheila García Prado

► Autora do material e revisión lingüística dos textos

Rocío Romar Roel

► Ilustradora

Blanca Escrigas Fernández

► Coordinación e xestión da edición

Axencia Gráfica Xaniño

► Agradecementos

Alberto Sousa



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



AXENCIA DE PROTECCIÓN
DA LEGALIDADE URBANÍSTICA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA
E PLANIFICACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL